



Salida: 2017031280 Data: 19-10-2017 12:50
Tipo: Notificación

ASUNTO: resolución sobre solicitude de acceso a información sobre acceso a expediente e copia de proxecto de substitución das escadas de Fontán-Sada por unhas de formigón.

Solicitante: **Expediente:** TBG 13/2017.

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Obxecto da solicitude de acceso.

O 13.09.2017, se recibe nos servizos centrais de Portos de Galicia escrito de , alegando tamén a representación do , no cal solicita acceso e copia do proxecto de substitución das escadas de Fontán-Sada por unhas de formigón e expediente. A razón da solicitude estriba en informacións aparecidas en diferentes medios de comunicación o pasado 21 de agosto de 2017.

Segundo.- A partir da referida data empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

Primeiro.- Marco normativo xeral do acceso á información pública.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións".

O preámbulo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información, no seu artigo 26.4.

Non en tanto, o exercicio deste dereito de acceso a información pública ten limitacións no seu exercicio e así a Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé nos artigos 14 e 15 uns límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes, que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de non admisión do artigo 18 desta lei.

En definitiva, en principio, a lexislación aplicable ao dereito de acceso a información pública ven configurada pola Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores e a Lei



Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD).

Segundo.- Marco normativo especial. Regulacións especiais de dereito de acceso.

Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a Disp. Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013, establece que:

1. *La normativa reguladora del correspondiente procedimiento administrativo será la aplicable al acceso por parte de quienes tengan la condición de interesados en un procedimiento administrativo en curso a los documentos que se integren en el mismo.*
2. *Se regirán por su normativa específica, y por esta Ley con carácter supletorio, aquellas materias que tengan previsto un régimen jurídico específico de acceso a la información.*
3. *En este sentido, esta Ley será de aplicación, en lo no previsto en sus respectivas normas reguladoras, al acceso a la información ambiental y a la destinada a la reutilización.*

A Disposición Adicional octava da Lei 19/2013, establece que El Congreso de los Diputados, el Senado y las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas regularán en sus respectivos reglamentos la aplicación concreta de las disposiciones de esta Ley.

Mais nada se dí acerca das solicitudes de información por lei de transparencia realizadas po un/unha concejal dunha corporación municipal.

Así pois as solicitudes de acceso á información expostas por concelleiras, deputados/as, xa estatais xa autonómicos, e senadores/as na súa condición de cargos públicos representativos, tramitaranse e resolverán de acordo coa súa normativa específica. Só cando estes expoñen as súas solicitudes ao amparo da lei de transparencia aplicárase esta norma.

2

Terceiro.- Identificación suficiente da información pedida. Cualificación da petición de acceso á información e da posición xurídica do solicitante respecto do procedemento.

Identificación suficiente da información pedida:

A petición contén debidamente identificada a información solicitada, se ben existe confusión en canto á vía de acceso que exerce o solicitante por canto por unha parte solicita acceso a información pero por outra, alega a súa condición de p

Non en tanto esta é unha cuestión de valoración xurídica, polo que non resulta preciso o trámite de concreción de solicitude previsto no artigo 19.2 da Lei 19/2013.

Cualificación da petición de acceso á información e da posición xurídica do solicitante respecto do procedemento:

A Disp. Adicional Primeira, apartado 2 da dita Lei 19/2013, dispón que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte dos que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren neste.

Conforme a disposición transitoria terceira apartado a) da Lei 39/2015, do 2 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) os



procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeráanse pola normativa anterior.

O artigo 4 da Lei 39/2015, de PACAP, no que aquí afecta, considera interesados no procedemento administrativo a:

- a) Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e acúdanse no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva

Establecido o anterior, tendo en conta o contido desta concreta solicitude na nosa opinión non ostenta a condición de interesado no procedemento. Pois o dereito de acceso aquí formulado se infire que o solicitante o realiza no marco do exercicio do seu dereito a participar nos asuntos públicos derivado da súa condición de c

Se ben non se realiza un expreso e claro acollemento da solicitude ás Leis de Transparencia, neste caso, excepcionalmente por razón da información pedida, cal é un proxecto de obras e expediente deste, que no estado procedimental pertinente será obxecto de publicidade para a súa licitación ou execución por por medio propio da Administración, xunto co anterior, considerando que se solicita "acceso", expresión acuñada legalmente na normativa de transparencia e por economía procedimental e principio *pro actione*, non se realiza a petición de aclaración de si a petición se formula ao abeiro das Leis de Transparencia.

3

Cuarto.- O acceso á información e aplicación de eventuais causas de inadmisión e/ou de limitación.

Como ten reiteradamente establecido o Consello estatal de Transparencia e Bo Goberno, CTBG, a LTAIBG *reconoce en su artículo 12 el derecho de todas las personas a acceder a la información pública, entendida, según el artículo 13 de la misma norma, como "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones.* Tamén ten establecido que tal dereito de acceso non é legalmente ilimitado senón que existen restricións que non operan automaticamente.

Causas de inadmisión:

Recabados da Área de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade e da Área de Instalacións Náutico Deportivas e Portos Deportivos, datos sobre a información pedida, resulta que non existe un expediente de proxecto de obra, senón que existen valoracións previas e notas internas de carácter preliminar que constitúen información auxiliar ou de apoio, coa finalidade informar sobre o estado da ditas escaleiras e posibles solucións aos departamentos e órganos de goberno da Entidade Pública Portos de Galicia.

Resultan pois de aplicación as causas de inadmisión do artigo 2.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, que establece que se e inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las



solicitudes Referidas a información que tenga carácter auxiliar o de apoio como la contenida en notas, borradores, opiniones, resúmenes, comunicaciones e informes internos o entre órganos o entidades administrativas.

Por outra parte, e subsidiariamente concurriría tamén neste caso como causa de inadmisión a establecida no punto 1 do artigo 18 da Lei 19/2013 do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, que dispón: 1. Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes: a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general.

Limitacións de acceso: visto que concurre unha causa clara e determinante de inadmisión non procede xa entrar na cuestión de eventuais limitacións de acceso.

Xa que logo, conforme á proposta de resolución do xefe da S^a. Xeral- Asesoría Xurídica de Portos de Galicia, segundo a cal non a inadmisión a trámite da solicitude de información pedida; esta Presidencia de Portos de Galicia, en canto órgano competente dita a seguinte

III.- RESOLUCIÓN:

Acordo a inadmisión a trámite da solicitude de acceso á información expediente e copia de proxecto de substitución das escadas de Fontán-Sada por unhas de formigón, acorde a inadmisión a trámite da solicitude de acceso á información expediente e copia de proxecto de substitución das escadas de Fontán-Sada por unhas escadas de formigón, en aplicación dos apartados a) e b) do artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico.

Contra desta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

4

Santiago de Compostela a

13 OUT. 2017

O PRESIDENTE


-José Juan Durán Hermida-